



DECLARACIÓN DO STEG

FOLGA XERAL 14 N

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

DECLARACIÓN DO STEG

Perante a Folga Xeral do 14 de Novembro de 2012

Cando aínda estabamos comprobando o alcance das medidas tomadas polo Goberno central a través do Decreto de 13 de Xullo (eliminación da paga extra, redución dos permisos, perda do complemento en período de baixa, suba do IVE, recorte das prestacións por desemprego), o Consello de Ministros, na súa reunión do 27 de Setembro, aprobaba xa novas medidas restritivas, a saber: **conxelación** das retribucións tal e como quedaran recortadas en 2010; práctica **desaparición da oferta de emprego público**, así como das axudas á contratación; novo adiamento da ampliación do permiso de paternidade (de 13 a 20 días); nova redución do gasto en desemprego, eliminando a reposición do subsidio de paro en caso de despido (até agora cubríanse 180 días); incremento unicamente do 1% das pensións, sen garantir polo tanto a súa actualización co IPC; restrición severa do gasto estatal en infraestruturas; eliminación da desgravación por compra de vivenda; maior inseguridade para os traballadores en caso de desacordo en materia de convenios; repago farmacéutico; amnistía fiscal na práctica; e finalmente a promesa e compromiso (que soa a ameaza), por parte do Goberno, de presentar no prazo de 6 meses unha batería de até 40 novos proxectos de lei.

Este desenfreo lexislador ten por obxecto recortar máis as xubilacións, en tempo e diñeiro; reformar as mutuas para así reforzarlles o seu poder contra o dereito á saúde; crear o chamado banco malo segundo as directrices europeas, isto é, socializando as perdas da banca; afondar na reforma laboral, desenvolvendo o contrato de aprendizaxe e a **FP dual**; privatizar parcialmente os servizos públicos de emprego; liberalizar servizos como as telecomunicacións, a enerxía e o transporte, e recortar (eles denomínanos axustar) absolutamente todos os servizos públicos: sanidade, dependencia, administración e, como non, **educación**.

Neste caso, o Ministerio de Educación acelera a súa **7ª lei orgánica**, na que introduce nada menos que **5 reválidas** ademais dos procedementos de admisión que establezan as universidades, nesa obsesión por seleccionar e clasificar alumnado desde o primeiro día, mesmo permitindo a **separación por sexos**, sempre no horizonte de facilitar a chamada empregabilidade, ou o que é o mesmo, as necesidades puntuais das empresas de traballo temporal; así mesmo, a lei reduce insistentemente as medidas e o **persoal de apoio, que substitúe por ordenadores**; elimina o que quedaba de funcionamento democrático nos centros; privatiza a avaliación externa, **usurpándolle ao profesorado funcións avaliadoras e tituladoras**; incrementa os chamados contidos comúns, os ditados polo goberno central (do 55 ao 65% no caso galego), etc.

Todas as mencionadas son medidas graves que inciden no deterioramento dos servizos sociais, dos dereitos laborais e das condicións de vida da cidadanía. En momento ningún se contempla modificar unhas políticas públicas que demostraron a súa ineficacia á hora de reactivar a actividade económica (velai as cifras de desemprego en crecemento constante) ou de preservar o que nos quedaba do estado de benestar. Sen procurar alternativas, **reducen o gasto social ao tempo que destinan inxentes cantidade de fondos públicos a intereses privados**: o estado asume a factura da banca, convertendo en pública a débeda privada, destinándose xa case un terzo do orzamento xeral (40.000 millóns) a pagar a débeda pública a xuros indecentes.

Por todo isto, o STEG, persuadido de que hai alternativas, fai un chamamento á comunidade educativa para secundar a folga do vindeiro 14 de Novembro.

Secretariado Nacional

31 de Outubro de 2012